

Xornadas
**Recepcións
de Heidegger
en Galicia**

Máis información e inscrición en:
www.consellodacultura.org
actividades@consellodacultura.org

A ilustración deste cartel reflicte o
deseño da capa do libro de Heidegger:
Da esencia da verdade, na versión
galega do ano 1956

DIRECTORES:
CARLOS FERNÁNDEZ
JORGE ÁLVAREZ YÁGÜEZ

ORGANIZA:
CONSELLO DA CULTURA GALEGA

LUGAR:
CONSELLO DA CULTURA GALEGA



Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro s/n
15705 Santiago de Compostela

T 981 957 202
F 981 957 205

Recepcións de Heidegger en Galicia

3 e 4 de xuño de 2009
Consello da Cultura Galega

M. Heidegger foi, sen dúbida, unha das figuras filosóficas que máis influíu na cultura galega do século pasado. Celestino Fernández de la Vega, X. Rof Carballo, Domingo García-Sabell e o propio Ramón Piñeiro, na posguerra, tiveron como pano de fondo do seu labor intelectual o pensamento do filósofo alemán; e, xa posteriormente, a súa influencia déixase notar de modo máis difuso nos escritos de autores recentes. Estas xornadas pretenden examinar a diversa influencia en Galicia do pensamento de M. Heidegger, distinguindo dous momentos na recepción do seu pensamento, o primeiro na posguerra e o segundo na democracia. Por que nos anos 50 en Galicia se recibe preferentemente a Heidegger e non a outro autor? Que tipo de recepción establece a tradición galeguista con Heidegger e desde que presupostos? Bebeu a filosofía da saudade de Ramón Piñeiro directamente de Heidegger ou foi a súa unha relación máis ben lateral e epidérmica? Que Heidegger se recibe despois e desde que tradicións? Velaquí algunhas das preguntas que tratarán de responder estas xornadas. Esta esculca ficaría eivada se non se acudise ao contexto europeo e español da época para explicar a difusión polimorfa do pensamento dun dos filósofos máis importantes do século xx.

3 de xuño PROGRAMA

PRIMEIRA SESIÓN

12:00 horas

RELATORIO:

A recepción de Heidegger en Europa

RAMÓN RODRÍGUEZ

UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID

SEGUNDA SESIÓN

16:30 horas

RELATORIO:

Heidegger en Galicia: a presenza de Heidegger na filosofía da saudade de R. Piñeiro

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

PROFESOR DE FILOSOFÍA E TEOLOXÍA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

17:30 horas

RELATORIO:

A recepción de Heidegger no ensaísmo galego de posguerra

CARLOS FERNÁNDEZ

PROFESOR DE FILOSOFÍA E ENSAÍSTA

4 de xuño PROGRAMA

TERCEIRA SESIÓN

10:30 horas

RELATORIO:

A recepción de Heidegger na Galicia democrática: diversidade dun influxo

BASILIO LOURENÇO

PROFESOR DE MATEMÁTICAS E ENSAÍSTA

11:30 horas

PAUSA

12:00 horas

RELATORIO:

A recepción de Heidegger en España

J. M. NAVARRO CORDÓN

UNIVERSIDADE COMPLUTENSE DE MADRID

CUARTA SESIÓN

16:30 horas

RELATORIO:

Heidegger e a filosofía

FÉLIX DUQUE

UNIVERSIDADE AUTÓNOMA DE MADRID